



EXPTE.: 76/142

TRÁMITE: INFORME XUSTIFICATIVO DE SUBVENCIÓNS NOMINATIVAS DO 2023 DA CONCELLERÍA DELEGADA DA ÁREA DE PARTICIPACIÓN CIDADÁ E FESTAS

INFORME

A petición do concelleiro delegado da área de Participación Cidadá e Festas emítese o presente informe xustificativo respecto das subvencións nominativas remitidas pola oficina de **Participación Cidadá** para a súa inclusión no orzamento do ano 2023:

- PARTICIPACIÓN CIDADÁ:

As seguintes subvencións encadraríanse dentro da Área de responsabilidade política da Concellería de Participación Cidadá e Festas, para Promoción das actividades realizadas polo Movemento Asociativo Veciñal:

- CONVENIO FED. PEÑAS RECR. EL OLIVO (G36704666), con cargo á partida 9240 4890001, por importe de 15.000,00 €, para fomento do asociacionismo e a participación cidadá subvencionando os gastos necesarios para organización, promoción e execución das actividades programadas pola federación.

- CONVENIO ASOC. XORDOS (G36622835), con cargo á partida 9240 4800009, por importe de 7.000,00 €, para subvencionar os gastos derivados da contratación dun especialista intérprete de lingua de signos, a tempo parcial necesarios para a realización diaria de actividades da entidade, que se consideran de interese público e social.

- CONVENIO ASOCIACIÓN MONTE DA MINA (G36623593) con cargo á partida 9240 4890008, por importe de 17.000,00 €, para contribuír aos gastos de mantemento da asociación necesarios para o desenvolvemento das actividades programadas e para a coordinación e xestión do viveiro de asociacións nas súas instalacións.

- CONVENIO ASOCIACIÓN MARIÑEIROUS ARTESANAIS (G36799351), con cargo á partida orzamentaria 9240 4890013 por importe de 16.000 €, para fomento do asociacionismo e a participación cidadá subvencionando os gastos necesarios para a organización, promoción e execución das actividades programadas pola asociación de cara ao fomento da cultura mariñeira e a conservación do patrimonio cultural e tradicional.

- CONVENIO ASOCIACIÓN AGARIMO (G36821817), con cargo á partida 9240 4800006, por importe de 13.000,00 €, para financiamento dos gastos de mantemento e aluguer do local social, necesarios para o desenvolvemento das actividades programadas pola asociación.

- CONVENIO FUNDACIÓN IGUALARTE (G36427524) con cargo á partida 9240 4890012, por importe de 10.000,00 €, para contribuír aos gastos de mantemento do seu local social, necesarios para o desenvolvemento das actividades socioeducativas e lúdico-formativas dirixidas a potenciar o benestar das persoas con discapacidades e necesidades educativas especiais programadas pola entidade.

- ASOC. GALEGA AMIGOS DEL ROCÍO (G36820637) con cargo á partida 9240 4800001 por importe de 5.000,00 €, para contribuír aos gastos de mantemento e aluguer do seu local social, necesarios para levar a cabo as actividades sociocomunitarias, culturais e formativas, programadas pola entidade.

- ASOCIACIÓN JÓVENES EMPRESARIOS (AJE) (G36905040) con cargo á partida orzamentaria 9240 4800003 por importe de 3.600 €, para fomento das súas actividades programadas contribuíndo aos gastos de aluguer do seu local social, necesarios para o desenvolvemento daquelas.

- CONVENIO FEDERACIÓN DE ASOCIACIÓNS DE FAMILIARES ENFERMOS MENTAIS DE GALICIA - FEAFES (G15545353), con cargo á partida 9240 4800007 por importe de 5.000,00 €, para



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 25/11/2022 10:23	Páxina 1 de 2
76-142	CSV: A6A3B5-57BF39-473F85-W3GXKY-7HSY64-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

PARTICIPACIÓN CIDADÁ

CONCELLERÍA DELEGADA DA
ÁREA DE PARTICIPACIÓN
CIDADÁ E FESTAS

CONCELLO
DE VIGO



EXPTE.: 76/142

TRÁMITE: INFORME XUSTIFICATIVO DE SUBVENCIÓNS NOMINATIVAS DO 2023 DA CONCELLERÍA DELEGADA DA ÁREA DE PARTICIPACIÓN CIDADÁ E FESTAS

contribuir aos gastos de mantemento e aluguer do local social, necesarios para o desenvolvemento das actividades programadas pola asociación.

- CONVENIO ASOCIACIÓN DE JUBILADOS Y PENSIONISTAS VILLA GALICIA (G36745065), con cargo á partida orzamentaria 9240 4890014 por importe de 4.000 €, para contribuir aos gastos de mantemento e aluguer do seu local social, necesarios para levar a cabo as actividades sociocomunitarias, culturais e formativas, programadas pola entidade.

Vigo, na data da sinatura dixital

A xefa de Participación Cidadá e Desenvolvemento Local
(Resolución do 23/10/2019)
Carla Candia Paz

Vigo, na data da sinatura dixital

O concelleiro delegado da Área de Participación Cidadá e Festas
(RA da Alcaldía de delegación de competencias do 17/08/2020)
Pablo Luís Estévez Rodríguez



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 25/11/2022 10:23	Páxina 2 de 2
76-142	CSV: A6A3B5-57BF39-473F85-W3GXKY-7HSY64-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		